

Ao conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidade.

Señor Rodríguez

O acordo negociado pola Consellaría que vostede dirixe e asinado polo presidente da Xunta, co único apoio dunha minoría sindical o pasado 11 de outubro, non tivo en conta a representación maioritaria do profesorado na mesa de negociación, na que a CIG-Ensino conta con 8 dos 15 representantes. Tampouco tivo en conta que outras dúas organizacións con representación nas Xuntas de Persoal, STEG e CSIF-Ensino, se negaran a asinar ese documento. Conxuntamente, os tres sindicatos contamos co 60% dos votos nas últimas eleccións sindicais e co 59% da representación do profesorado.

As tres organizacións amosamos o noso total rexeitamento e cualificamos o documento final como un pacto de renuncias ao non ter en conta diferentes cuestións que tanto na negociación como nas valoracións finais se fixaron polos nosos sindicatos como fundamentais. Que unha Consellaría, que un Goberno, faga ouvidos xordos a unha maioría tan cualificada é unha mostra de como se poden negociar e implantar medidas derivadas deses acordos sen ter en conta a opinión moi maioritaria daquel profesorado ao que se afirma dotar de melloras laborais.

Tanto na negociación na Mesa Sectorial como nas propostas feitas públicas polas tres organizacións sindicais que chamamos o profesorado á folga do pasado 24 de outubro hai unha clara evidencia de que non se está a demandar ningún tipo de medida que non sexa asumíbel para unha administración que foi precisamente a responsable dos recortes contra os que levamos anos loitando así como do deterioro profesional polo agravamento das nosas condicións de traballo (horarios, ratios, burocracia, atención á diversidade...). As propostas, tanto na negociación na Mesa como as que centran a campaña de mobilizacións dos tres sindicatos, parten de dúas premisas: non renunciar aos dereitos do profesorado e por tanto non traizoar as súas xustas demandas e ofrecer propostas que, sen chegar aos máximos que defendemos, sexan razoábeis para ambas partes.

O destacado seguimento da folga coa masiva participación na manifestación, que se sitúan en ambos casos nos índices más elevados dos últimos vinte anos, prodúcese, e é importante destacalo, despois de que se asinase un acordo que implica importantes renuncias dos nosos dereitos e melloras totalmente insuficientes, diferidas e desiguais para o conxunto do profesorado. Isto implica un grao de descontento e rexeitamento do profesorado áinda maior.

No remate da manifestación do día 24 de outubro, as tres organizacións sindicais lanzamos un comunicado no que instabamos á Consellaría a tomar nota do seguimento masivo desta folga e demandabamos unha negociación que dese cumplida resposta ás demandas que desde hai anos compartimos, superando un acordo no que se renunciou á recuperación dos nosos horarios e no que é preciso

introducir melloras en prazos aceptábeis e sen dividir o profesorado. Esas melloras centrámolas deste xeito nese comunicado:

- Recuperación dos horarios de 18 e 21 horas nun máximo de 2 cursos.
- Redución das ratios en todas as ensinanzas, comezando no 2024/25 e con aplicación como máximo no remate de cada etapa.
- Aplicación de medidas inmediatas (curso 2024/25) para a redución da burocracia: aumento das horas de liberación para cargos directivos, de coordinación e titoría e aumento de persoal administrativo.
- Reparto lineal da masa salarial comprometida pola Consellaría entre todo o profesorado.

Rematabamos ese comunicado afirmando que a Consellaría tiña entón a palabra: ou rectificaba e abría negociacións para superar o “acordo das renuncias” ou estaría dicíndolle ao profesorado que desatende por completo as súas demandas e que, por tanto, só resta a vía da mobilización para recuperarmos os nosos dereitos.

Transcorrida unha semana desde a xornada de folga sen obter ningún tipo de resposta, as tres organizacións tomamos a decisión de camiñar polo único camiño posible, o das mobilizacións que promovemos para este mes de novembro, que son a necesaria continuidade da folga do día 24.


Con todo, non pechamos ningunha porta se a Consellaría quere rectificar e buscar un consenso que recolla o sentir maioritario do profesorado galego. De aí que solicitemos unha reunión con vostede para poñer enriba da mesa os aspectos que como sindicatos convocantes das mobilizacións deste mes de novembro, cunha nova xornada de folga no día 28 de novembro, demandamos para superar as eivas fundamentais do acordo coa minoría sindical. Na súa man está desprezar novamente á mayoría do profesorado ou buscar vías de entendemento.

En Santiago de Compostela, a 2 de novembro de 2023



Xesús Bermello García

CIG-ENSINO



Lois Pérez Díaz

STEG



Rosa Silva Méndez

CSIF-ENSINO